

WOMBO COMBO

A COMPAÑÍA

Galeatro é a primeira compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos actores Tone Martínez e Alba Bermúdez, ten percorrido gran parte dos centros educativos de Galicia cos seus espectáculos didácticos *De Leria con Castelao*, *O Contador de Contos*, *Contos no Faiado* e *O Xogo das Letras*. No 2017, coprodúce xunto co FIOT, o seu primeiro espectáculo de gran formato *Muiñada*. Esta colaboración afianzouse coa coprodución de *Carabela* no ano 2020.

Á súa vertente artística hai que lle engadir a súa labor de formación teatral, que no último ano chegou a máis de 200 estudantes. Galeatro nace coa intención de achegar as artes escénicas a un público familiar, contando para isto con dramaturgas galegas vivas coma Ana Carreira ou Paula Carballeira.

SINOPSE

Sara odia a súa vida, ou polo menos a que chaman a súa vida real. Nesa vida real non lle vai nada ben: non ten case amigas e moito menos amigos, búrlanse do seu aspecto, non é brillante nos estudos, nin sequera mediocre. Sara ten a sensación de que podería desaparecer e ninguén se decataría. Pero Sara ten outra vida, na que xoga en liña con dúcias de persoas, e ten éxito, e é imbatible nas loitas. Sara pasa cada vez máis tempo nesa vida virtual e menos na vida real. Deixa de falar, de comer, de durmir. Ata que entra nun videoxogo novo: “Revamp”, onde unha misteriosa voz en off lle vai propoñendo retos que debe cumprir na vida real se non quere sufrir as consecuencias. A partir dese momento, Sara toma consciencia de que non é posible unha vida sen a outra.

REPARTO

Alba Bermúdez- Actriz

Actriz e contacontos, licenciase en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Acada o Posgrao en Arte, Cultura e Intervención Social a través de Factoriarte e obtén o Mestrado de Artes Escénicas pola URJC de Madrid. Alba é, xunto con Tone Martínez, fundadora da compañía Galeatro. Alén da experiencia adquirida con dita compañía, cómpre destacar os traballos realizados para outras de carácter profesional como son Triatrerros ou Contraproducións, compañía referente para o teatro galego e coa que protagoniza a aclamada peza *Fillos do Sol*, de Cándido Pazó.

Tone Martínez- Actor

Licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino. Funda, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro coa que realiza varios espectáculos dirixidos ao público infantil. Ademais das propias montaxes, destacan os traballos realizados en compañías como Triatreros ou o Centro Dramático Galego onde formou parte do elenco do espectáculo *Divinas Palabras Revolution*, dirixido por Xesús Ron. No eido audiovisual, foi actor de reparto en series como Serramoura e Pazo de Familia.

Davide González – Dirección e actor

Actor, director e músico profesional. Licenciado en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e co grao profesional de música no Conservatorio Victor Ureña de Redondela, Davide é un dos artistas máis interesantes do panorama actual. Conta cunha ampla experiencia como actor e músico no mundo do teatro profesional infantil (Baobab, Migallas, Redrum, etc).

Como director, atopamos mostras do seu traballo en propostas como *Muiñada*, de Galeatro, *A historia das flores* e *Amor de pé*, de Tukumpas Teatro, *Listo para sentenza* e *Impronews- 3ª tempada*, de Triatreros e *Da Capo*, de Abmiram Quartet. Os seus traballos caracterízanse polo coidado visual das súas propostas e pola maravillosa ambientación musical.

Paula Carballeira - Dramaturxia

Escritora, actriz, contacontos e dramaturga galega. Esta artista multidisciplinar é una das figuras máis importantes da literatura infantil e xuvenil en lingua galega. Ven de recibir no ano 2018 o X premio Manuel María de literatura Dramática Infantil pola súa obra “Somos os Monstros”. É unha garantía de coñecemento do medio e de calidade.